

*Facultade de Ciencias
Económicas e
Empresariais*

*Plan de promoción
do centro*

Curso 2022-2023

R1- DO0202 P1

PLAN DE PROMOCIÓN DA FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS

Curso 2022 - 2023

Contido

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. ACTO DE PRESENTACIÓN AO NOVO ALUMNADO.....	3
3. EDUGAL	4
4. DÍA DA MULLER.....	4
5. FEIRA EMPREGO INCAMPUS.....	5
6. OLIMPÍADA GALEGA DE ECONOMÍA.....	6
7. XORNADAS, CONFERENCIAS E OBRADOIROS.....	12
8. VISITAS DE INSTITUTOS	15
9. ACTOS DE GRADACIÓN	17
10. PREMIOS.....	18
11. PROMOCIÓN DOS MÁSTERES DA FACULTADE.....	19
11.1. Información e promoción facilitada pola Universidade.....	19
11.2. Información e promoción facilitada pola Facultade de Económicas	19
11.3. Máster en Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa	19
11.4 Máster en Economía.	20
11.5. Máster en Finanzas.	20
11.6. Máster en Técnicas Estatísticas.....	21
11.7. Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible.	22

1. INTRODUCCIÓN

Na facultade de Ciencias Económicas e Empresariais no curso 2022/2023 impartíronse os seguintes graos e mestrados:

- Grao en Administración Dirección de Empresas (ADE) + Programa de simultaneidade de estudos ADE-Dereito.
- Grao en Economía (GECO)
- Mestrado en Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa.
- Mestrado en Economía.
- Mestrado en Finanzas.
- Mestrado en Técnicas Estatísticas.
- Mestrado en Xestión do Desenvolvemento Sostible.

Todos eles contribuíron dalgún xeito á promoción da Facultade, no desenvolvemento das súas actividades. A continuación describiremos brevemente algunhas das actividades levadas a cabo no centro, seguindo unha orde cronolóxica.

2. ACTO DE PRESENTACIÓN AO NOVO ALUMNADO

O curso comeza cun **acto de presentación** do Alumnado de primeiro por primeira vez. Co fin de que o Alumnado que se matricula por primeira vez na Facultade teña suficiente información, organizouse un acto de benvida o día 7 de setembro de 2022 no Salón de Actos da Facultade.

Esta xornada de acollida vai dirixida tanto para alumnado de primeiro curso como a alumnado de continuidade. A equipa decanal proporcionou información a todo alumnado sobre os seguintes aspectos organizativos:

1. Presentación da equipa decanal, así coma dos coordinadores de curso de cada titulación.
2. Presentación dos recursos facultade (aulas, laboratorios, comedor, biblioteca, etc.), así como a súa ubicación. Tamén se explicou como acceder a wifi e a importancia de uso da web do centro, así como dos recursos da plataforma de Teledocencia.

3. Descrición das titulacións: xeral, por cursos e cuadrimestre, tipoloxía de materia, TFG e prácticas.
4. Plan de Internacionalización. Programa en Inglés.
5. Proceso de matrícula e asignación de estudantes a grupos.
6. Plataforma de Teledocencia.
7. Outros servizos de interese da UVIGO.
8. Enquisas de satisfacción e de avaliación docente e a súa importancia
9. Plan de Acción Titorial con especial mención ao Plan de Atención ao Alumnado con Necesidades Especiais.
10. Canles de comunicación (MooVi, Email, Web, pantallas en vestíbulo, taboleiros, Caixa QSPs, etc.).
11. Participación: delegados/as de grupo e representantes de estudantes.

3. EDUGAL

A Facultade participou con un stand no 12º Saló de Educación e Formación de Galicia, que se celebrou os días 4, 5 e 6 de outubro de 2022 no Recinto Feiral de Pontevedra. Alí repartíronse folletos informativos sobre as diferentes titulacións da Facultade, e atendéronse persoalmente dúbidas e preguntas do alumnado que visitou o salón.

4. DÍA DA MULLER

Co gaio da celebración do Día da Muller, o **8 de marzo de 2023**, leváronse a cabo diversas actividades no centro. Tanto as ideas coma a organización dos diferentes actos foron responsabilidade da equipa decanal e das alumnas representantes do alumnado da facultade.

Tivo lugar a actuación musical do dúo formado por Carmen Rosende Pereira e Alberto Sánchez Caseiros, que interpretaron unha serie de pezas de autoras que crearon cancións reivindicativas do papel da muller (*O amor en paz, Wild woman don't have the blues, Love for sale, Working girls blues, I am a woman, I ain't go no*). Antes de cada canción os artistas fixeron unha presentación sobre as vidas das mulleres que as crearon.

Tamén se levou a cabo o debate “Charlando do feminismo: teito de cristal e fenda salarial”, realizado no salón de graos e organizado polas representantes do alumnado

do centro, contando coas docentes Coral del Río Otero e Sonia M. Rodríguez Parada.

Estes eventos foron publicitados a través da sección de “novas” da páxina web do centro; mediante correos electrónicos enviados ao alumnado, a profesorado, PAS da facultade e a comunidade universitaria en xeral, e tamén se publicou a información nos espazos comúns de MooVi.

5. FEIRA EMPREGO INCAMPUS

O día 16 de marzo de 2023 a Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais foi sé da Feira de Emprego INCAMPUS, que anualmente organiza a Universidade de Vigo para brindar á comunidade universitaria a oportunidade de coñecer de primeira man as opcións profesionais que ofrecen entidades de moi diversos sectores e contactar directamente cos seus responsables de selección. A feira está aberta a todo o alumnado, aínda que está especialmente enfocada a estudantes de último curso ou persoas tituladas nos seguintes graos e mestrados afíns: Administración e Dirección de Empresas, Economía, Dereito, Comercio Exterior, Relacións Laborais, Tradución e Interpretación e Filoloxías.

Ás empresas ofertámoslles:

- Un *stand* gratuíto no campus Universitario
- Difusión das súas ofertas de Emprego.
- Posibilidade de impartir un seminario nos días da feira.
- Capacidade de axendar e realizar entrevistas de recrutamento durante a feira.
- Interacción con potenciais candidaturas a través dun *stand* dixital
- Recepción de CVs das candidaturas a través dunha plataforma dixital

Para o Rexistro tanto de alumnado como de empresas, puxemos en marcha unha aplicación na que se inscribiron máis de 300 alumnos/as.

Estas foron as empresas participantes:

Abanca, Aemos, Ananda, Anfaco, De Project, Bimba y Lola, Codisoil, Estudios Mega, Faurecia, Fundación Impulsar, Grupo Eulen, Grupo Profand, Iberconsa, Imán Tempori, Jealsa, Michael Page, Randstad, SDG Consulting, Zendal, Colexio Economistas de Pontevedra, Colexio Graduados Sociais, On tax legal, Lener, Kpmg, Grant Thornton, Catastro, Garrigues, E & Y, Deloitte, Cuatrecasas, Baltar, AECP e AEAT.

Destas empresas, algunhas decidiron solicitar a impartición dun breve seminario/presentación o mesmo día da Feira de Emprego. Estas presentacións tiveron lugar no Salón de Graos da Facultade, co seguinte horario:

10:00 a 10:20	Presentación de IBERCONSA
10:30 a 10:50	Presentación da AEAT
11:00 a 11:20	Presentación de DELOITTE
11:30 a 11:50	Presentación de CODISOIL
12:00 a 12:20	Presentación de GARRIGUES
12:30 a 12:50	Inauguración oficial de EMPREGOinCAMPUS VIGO
13:00 a 13:20	Presentación de GRUPO EULEN
13:25 a 13:45	Presentación de COLEGIO ECONOMISTAS PONTEVEDRA
13:45 a 14:05	Presentación de GRANT THORNTON

Ademais de visitar aos stands, o alumnado asistente tivo a súa disposición o “Pasaporte de Empregabilidade”, un espazo no que podían recibir asesoramento sobre o teu CV e facerte unha foto de calidade para usala no seu CV ou redes sociais profesionais.

Finalmente, dentro do ámbito da Feira, tiveron lugar as seguintes conferencias:

21/03/2023: **Funciones de los Técnicos Comerciales y Economistas del Estado.** Poñentes: D. Gonzalo Ramos e Nicolás Laureano Hernández, Técnicos del Estado.

21/03/2023: **Nuevos retos de la política de cohesión.** Poñente: Ángel Tarrío Tobar, Director Xeral de Políticas de Cohesión e Fondos Eu.

A celebración desta Feira promoveu o contacto directo entre o noso alumnado e as empresas do noso entorno, o que favorece a proxección da Facultade.

6. OLIMPIADA GALEGA DE ECONOMÍA

O día 16 de marzo de 2023, coincidindo coa Feira de Emprego INCAMPUS, celebrouse na Facultade a Olimpíada Galega de Economía.

A Olimpíada Galega de Economía é un certame académico e educativo que ten coma obxectivo estimular o estudo da Economía, en xeral, e da Economía da Empresa, en

particular, entre mozos e mozas, premiando o esforzo e a excelencia académica, así como establecer vínculos estables entre o ensino universitario e outros niveis educativos.

A XIII Olimpíada Galega de Economía foi organizada pola Universidade de Vigo e o Colexio de Economistas de Pontevedra, en colaboración coa Universidade da Coruña, da Universidade de Santiago de Compostela e coas Facultades de Comercio e Administración de Empresas e Turismo da Universidade de Vigo e a Vicerreitoría de Estudantado, así como coa participación da Asociación Galega de Ensinantes de Economía en Secundaria (AGAEDES). A Olimpíada Galega constitúe a fase local da Olimpíada Española de Economía no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

6.1. Participación

Participaron na XIII Olimpíada Galega de Economía 105 alumnos e alumnas matriculados no curso 2022/23 na materia Economía da Empresa de 2º curso de Bacharelato en calquera dos Centros de Ensino Secundario da Comunidade Autónoma de Galicia. Participou alumnado de 30 centros educativos, de 21 concellos de Galicia. O alumnado procedeu das seguintes localidades e centros de ensino da comunidade autónoma:

A CORUÑA	CENTROS
	COLEGIO DE FOMENTO
	PEÑARREDONDA
	COLEGIO MARISTA CRISTO REY
A GUARDA	
	IES A SANGRIÑA
AMES. A CORUÑA	
	IES DO MILLADOIRO
BAIONA	
	IES PRIMEIRO DE MARZO DE BAIONA
CAMBRE. A CORUÑA	
	IES DAVID BUJÁN
CANGAS	
	IES RODEIRA
CEE. A CORUÑA	
	IES FERNANDO BLANCO
CULLEREDO. A CORUÑA	
	MONTESPIÑO

GONDOMAR

IES AUGA DA LAXE

LUGO

IES NOSA SEÑORA DOS OLLOS
GRANDES

MONFORTE DE LEMOS. LUGO

IES A PINGUELA
IES RÍO CABE

MOS

COLEGIO LOS SAUCES VIGO

NIGRÁN

IES VAL MIÑOR

O GROVE

IES MONTE DA VILA

O PORRIÑO

IES RIBEIRA DO LOURO
OLEIROS. A CORUÑA
IES MARÍA CASARES

OURENSE

IES EDUARDO BLANCO AMOR

PONTEAREAS

IES DO BARRAL

PONTEVEDRA

IES LUIS SEOANE

SANTIAGO

COLEXIO M. PELETEIRO
IES A PONTEPEDRIÑA
IES PLURILINGÜE ROSALÍA DE
CASTRO

VIGO

COLEGIO PLURILINGÜE SAN JOSÉ
DE CLUNY
COMPAÑÍA DE MARÍA
IES ALEXANDRE BÓVEDA
MARÍA AUXILIADORA

VILAGARCÍA

IES CASTRO ALOBRE

6.2. TEMARIO

O temario das probas da fase local abrangueu os 4 primeiros bloques do programa oficial de Economía de 1º de Bacharelato e os 6 primeiros bloques do programa oficial de Economía da Empresa de 2º de Bacharelato, establecido no DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia:

1. Economía e escaseza
2. A actividade produtiva
3. O mercado e o sistema de prezos
4. A macroeconomía

1. A empresa
2. Desenvolvemento da empresa
3. Organización e dirección da empresa
4. A función produtiva
5. A función comercial da empresa
6. A información na empresa

6.3. PROBA

A proba realizouse de xeito presencial na Facultade de Ciencias Económicas e Empresarias da Universidade de Vigo, no Campus Lagoas Marcosende, o xoves 16 de marzo ás 16:30h.

O exame durou dúas horas e tivo tres partes:

1. A primeira constou de preguntas tipo test relativas a relacións e conceptos básicos. A valoración total deste test foi de ata 4 puntos cun sistema de penalización das respostas erróneas. Esta proba tivo carácter eliminatorio e da mesma se tiñan que seleccionar 15 estudantes coa maior puntuación, pero ao coincidir en varios alumnos a mesma cualificación, seleccionáronse 17.
2. A segunda parte do exame constará de dous exercicios prácticos, cada un dos cales

tivo como máximo unha puntuación de 2 puntos (total 4 puntos).

3. Na terceira parte da proba, os alumnos realizaron un comentario de texto sobre algún tema de actualidade económica que se puntuou cun máximo de 2 puntos.

Os exames foron corrixidos de forma anónima e a cualificación máxima que se pode obter é de 10 puntos. Na corrección valorouse a claridade na expresión e o razoamento das respostas, tendo tamén en conta a ortografía e a puntuación. No caso dos exercicios prácticos, numéricos ou representacións gráficas valorouse a claridade no desenvolvemento, o uso correcto das unidades de medida e a explicación dos resultados.

Mentres o alumnado esperaba a resolución dos exercicios, invitóuselles a unha chocolatada na cafetería:

6.4. PREMIOS

Os tres primeiros clasificados na Olimpíada Galega de Economía recibiron un diploma acreditativo e representarán ás Universidades do Sistema Universitario de Galicia na fase nacional da Olimpíada de Economía que se celebrará os días 19, 20 e 21 de Xuño de 2023 na Universidade de Sevilla. A Facultade de CC. Económicas e Empresariais da Universidade de Vigo correrá co coste da inscrición na fase nacional da Olimpíada de Economía, e cos gastos de viaxe e aloxamento dos tres estudantes seleccionados, a dun/ha profesor/a designado pola Comisión Organizadora que os acompañe, e un/ha representante da Facultade.

O Colexio de Economistas de Pontevedra outorgou os seguintes premios aos tres primeiros estudantes clasificados:

- Primeiro estudante clasificado: 500€
- Segundo estudante clasificado: 300€
- Terceiro estudante clasificado: 200€

Os tres primeiros clasificados foron:

1º LUGAR: **NATALIA GÓMEZ ORGEIRA** do IES David Buján de Cambre. A Coruña

2º LUGAR: **SABELA DÍAZ FERNÁNDEZ** do IES Nosa Señora dos Ollos Grandes de Lugo

3º LUGAR: **JAVIER BARROS LÓPEZ** do Colexio M. Peleteiro, de Santiago.

Os estudantes clasificados entre os postos 4º e 8º recibiron un diploma acreditativo como finalistas do concurso. A orde establecida servirá, ademais, para cubrir posibles vacantes no caso de que algún dos tres primeiros clasificados renuncie a participar na Olimpíada Española de Economía.

Ademais, os primeiros clasificados nas fases locais ou nacionais da Olimpíada de Economía que se matriculen nalgunha das universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia poderán optar ás axudas convocadas para os estudantes gañadores de Olimpíadas Científicas, segundo o previsto na convocatoria feita, no seu caso, por cada universidade (suxeito á aprobación do presuposto e ás dispoñibilidades orzamentarias).

6.5. COMISIÓN ORGANIZADORA E COMISIÓN ACADÉMICA

A Comisión Organizadora da XIII Olimpíada Galega de Economía estivo constituída polos/as decanos/as das Facultades de Economía e/ou Empresa das universidades galegas, un representante da Xunta de Goberno do Colexio de Economistas de Pontevedra, e o presidente da Asociación Galega de Profesores de Economía en Secundaria (AGAEDES).

A Comisión Académica foi a encargada de elaborar e cualificar a proba, clasificar por orde aos participantes, determinar os tres gañadores que participarán na XIV Olimpíada Española de Economía e resolver calquera incidencia que se poida producir. A Comisión Académica estivo formada por:

Presidenta: M^a Dolores Garza Gil, Decana.

Secretaria: Lucy Amigo Dobaño, Economía Aplicada.

Vogal: M^a Xosé Vázquez Rodríguez, Economía Aplicada.

Vogal: Carmen Otero Neira, Comercialización e Investigación de Mercados.

Vogal: Santiago Gómez Fraiz, Organización de Empresas.

Vogal: Fernando Comesaña Benavides, Organización de Empresas.

6.6. PUBLICIDADE DO ACTO

Toda a información do acto foi publicada na nosa páxina web:

<http://fccee.uvigo.es/xiii-olimpiadas-galegas-de-economia/>

E se lle foi enviando o enlace aos centros de educación secundaria de toda Galicia a través do correo electrónico, informándolles do prazo, procedemento e condicións de inscrición, e todas as actualizacións de información sobre a realización da Olimpíada.

7. XORNADAS, CONFERENCIAS E OBRADOIROS

Ao longo do curso, no centro organizáronse conferencias e charlas que, aínda que dirixidas a toda a comunidade universitaria, estiveron centradas en dar a coñecer ao noso alumnado a realidade económica do noso entorno.

Ao longo do curso 22/23 estas foron as que se levaron a cabo:

10/11/2022: Xornada: A igualdade de xénero na empresa.

Coordinadoras: : Rocío Rodríguez Daponte e Pilar Piñeiro García.

No seo desta xornada tiveron lugar tres conferencias:

Os plans de igualdade na empresa. poñente: Yolanda Molares Montero, Directora de ICSEM (Instituto para el Crecimiento Sostenible de la Empresa).

A igualdade no Real Club Celta e a EINF. poñente: María José Herbón Prada, Directora Corporativa Grupo Real Club Celta de Vigo.

A igualdade de xénero na empresa galega. O índice IG. Poñentes: Sonia M. Rodríguez Parada e Belén Fernández-Feijoo Souto, profesoras da Universidade de Vigo, equipo de investigación en Igualdade e Xénero da Cátedra Ardán.

16/11/2022: Obradoiro: Achegándonos ao mercado laboral.

Coordinadoras: Rocío Rodríguez Daponte e Pilar Piñeiro García.

Neste obradoiro tiveron lugar as seguintes sesións:

Sabes o que demanda o mercado laboral? E o que ofrece?. Poñentes: Laura García

(Responsable de RRHH de Imatia), Maruxa Mantecón (Directora da oficina de Randstad en Vigo), Belén Fernández (Técnica Superior de Orientación Laboral da Universidade de Vigo).

As competencias profesionais e a actitude personal. Poñentes: Diana Lameiro (Directora do centro Lingoreta) e Maruxa Álvarez (Directora da Área de Emprego e Emprendemento da Universidade de Vigo).

É o teu currículo unha ferramenta eficaz?. Poñente: Fundación Ronsel.

Ademais realizouse unha dinámica cunha simulación dunha entrevista de traballo.

18/11/2022: Caso Práctico de RSCI.

Poñente: Rafael Martínez Fernández, Responsable de Recursos Humanos Denso Sistemas Térmicos España. Organizado polo MaiE.

22/11/2022: Conciliación y RSCI.

Poñente: Iría Pérez Pintos, Responsable de Gestión Legal y Laboral Gradient. Organizado polo MaiE.

22/11/2022: Se acerca el momento de eliminar el papel moneda. Oportunidades y riesgo.

Poñente: Enrique Sáez Ponte, Licenciado en Dereito e Económicas pola USC. Organiza: Xabier Martínez Cobas.

A vida profesional de Enrique Sáez estivo 30 anos vinculada ao Banco Pastor, con especialización no universo dos sistemas de pago. Dirixiu a implantación das primeiras tarxetas e caixeiros automáticos da entidade. Despois representou ao banco en Visa España e Sistema 4B. Posteriormente, realizou o desenvolvemento e xestión de tarxetas para entidades comerciais en España e Portugal, a primeira vez que esta actividade se realizaba desde unha entidade financeira. Formou parte da alta dirección do banco entre 1989 e 2003. Como director xeral comercial, coordinou o comité interno para a introdución do euro. Desde 2003 preside a Fundación Juana de Vega e a centenaria empresa familiar Torres y Sáez. Ademais do seu libro sobre este tema A enerxía escura do diñeiro 2.1 (Europa Edicións 2021), é autor de artigos sobre temas sociais e económicos e doutros dous ensaios: O Mundo e nós (Xerais 99) e A liberdade no século XXI (Editorial Galaxia 2017, Marcial Pons 2019).

23 e 25/11/2022: DESIGN THINKING. Diseño de Productos y Servicios en la Economía Circular

Poñente: PABLO LÓPEZ, CREATIVIGO Consultores de Innovación. Organizado polo MaiE.

29/11/2022: Planes de Igualdade

Poñente: Xurxo Arias Cotobad, Responsable de Recursos Humanos Borgwarner Vigo Organizado polo MaiE.

13/12/2023: Desafíos globales y de la Cultura. Una mirada desde la UNESCO.

Poñente: José Manuel Rodríguez Uribes, embaixador de España ante a UNESCO. É tamén profesor titular de Filosofía do Dereito na Universidad Carlos III de Madrid, e especialista en Dereitos Humanos. Anteriormente, entre outros, foi Ministro de Cultura e Deporte (2020-2021) e Director Xeneral de Apoio ás Víctimas do Terrorismo (2006-2011). Esta conferencia abriu as actividades do Seminario de Desenvolvemento Local e Comunitario da Fundación Isla Couto (IGESCO) na nosa Facultade.

15/12/2022: Matemática para tus oídos: de Pitágoras a Xenakis.

Poñente: Pablo Amster (Universidad de Buenos Aires). Organizado polo Departamento de Matemáticas.

“Cuando escuchamos una melodía, rara vez pensamos en números, proporciones o logaritmos. Sin embargo, muchas veces hemos oído decir que la música es matemática. ¿Qué relación hay entre ambas disciplinas? Las conexiones son múltiples, y se manifiestan en aspectos tales como la simetría, las proporciones, las relaciones numéricas entre frecuencias e intervalos, el ritmo o las reglas de la armonía”.

03/03/2023: Demoday de ideas de emprendimiento sostenible.

Coordinadoras: Rocío Rodríguez Daponte (Universidade de Vigo), Pilar Piñeiro García (Universidade de Santiago de Compostela) e Luis García (Fundación Ronsel).

15/03/2023. Seminar on artificial intelligence in Higher Education. How to use

AIs such as CHATGPT wisely.

Poñente: Miguel González-Loureiro.

“This seminar was born initially as lecture for 3rd year students of the subject International Strategic Management of the Faculty of Economics and Business Management Science in Vigo, which is taught in English. The idea is to revise what these hot AIs are (e.g. chatgpt, bing...), what they can do and what they cannot do in order to instruct students and professors on how we can use them in Higher Education for teaching-learning and researching purposes. I will review what is behind them and will provide guidance on how to incorporate them safely in our procedures (teaching for undergraduate and Master students, supervising of final Degree/Master dissertations, developing scientific studies for young scholars/PhD students, etc.)”.

09/05/2023: Oportunidades de empleo en AUREN para futuros titulados.

poñente: Concepción Vilaboa Martínez. Auren é unha firma líder en prestación de servicios profesionais de auditoría, asesoramento legal e consultoría. Concepción Vilaboa é directora de auditoría para Galicia e socia da división de auditoría de Auren dende 2008, onde foi responsable da auditoría de empresas de sectores tradicionais da economía de Galicia. Licenciada en Ciencias Económicas, é, ademais, profesora do Máster de Auditoría da Universidade de Vigo e vicepresidenta de Executivas de Galicia.

8. VISITAS DE INSTITUTOS

Conscientes de que a promoción das nosas titulacións comeza nos institutos, a equipa decanal do noso centro atendeu a visita de 16 institutos. En xeral, 1.039 alumnos e alumnas de secundaria visitaron o centro, a maior parte, 47% do itinerario xurídico-social, seguido dos itinerarios científico (30%) e tecnolóxico (27%). No cadro que se presenta a continuación proporciónanse datos da procedencia, itinerario e número de estudantes que visitaron o centro.

As visitas tiveron lugar entre o 25/11/2022 e o 30/03/2023 e foron atendidas por un membro da equipa decanal que, ademais de acompañalos nun percorrido polas instalacións, amosando os servizos do centro, realizou unha presentación sobre as diferentes titulacións que se imparten na facultade, cos seus contidos, estrutura, e posibles saídas laborais.

	LOCALIDADE	NÚMERO DE ALUMNOS/AS					DATA DA VISITA
		TOTAL	ITINERARIO CIENTÍFICO	ITINERARIO TECNOLÓXICO	ITINERARIO XURÍDICO-SOCIAL	ITINERARIO HUMANÍSTICO	
IES REPÚBLICA ORIENTAL DE URUGUAY	VIGO	61	27	27	61		25/11/2022
IES A SANGRIÑA	A GUARDA	80	20	16	36		13/12/2022
IES ILLA DE TAMBO	PONTEVEDRA	83	28	18	37		21/12/2022
IES DE MOS	MOS	90	30	30	30		03/02/2023
IES DE RODEIRA	CANGAS	113	28	27	58		07/02/2023
CPR ROSALÍA DE CASTRO	VIGO	54	38	0	16		10/02/2023
COLEGIO LOS SAUCES	VIGO	60	20	20	20		16/02/2023
IES CASTELAO	VIGO	125	27	20	78	10	01/03/2023
COLEGIO AMOR DE DIOS	VIGO	37	9	10	18	5	06/03/2023
COLEGIO BOUZA BREY	VIGO	16	6	6	4	1	08/03/2023
IES A GUÍA	VIGO	25	10	8	7	2	08/03/2023
IES VALMIÑOR	NIGRÁN	68	15	17	36	4	13/03/2023
IES DO CASTRO	VIGO	120	40	40	40	10	17/03/2023
IES SANTO TOMÉ DO FREIXEIRO	VIGO	42	0	16	26	5	27/03/2023
IES AS BARXAS	MOAÑA	32	10	5	17	4	30/03/2023
CPR DIVINO SALVADOR	VIGO	33	8	18	7	3	30/03/2023
	TOTAL	1039	316	278	491	44	

9. ACTOS DE GRADACIÓN

Os actos de gradación son unha boa forma de promocionar o centro. As familias teñen a oportunidade de visitar a Facultade e ver o resultado acadado polo noso estudiantado. Os actos teñen unha proxección a nivel de prensa que consideramos moi atraente para o futuro alumnado.

Os días 14, 15 e 16 de xuño de 2023 tiveron lugar no Salón de Actos da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais os actos de gradación correspondentes ao PCEO Ade-Dereito, Grao en Administración e Dirección de Empresas e Grao en Economía, respectivamente.

Neles, celebrouse a graduación de 36 alumnos/ do PCEO (5ª promoción 2018/2023), 69 de Administración e Dirección de Empresas (11ª Promoción 2019/2023) e 39 de Economía (11ª Promoción 2019/2023).

Os actos contaron coa participación das seguintes persoas que actuaron como padriños das promocións:

- No da Simultaneidade Ade-Dereito: Dª Eva Ortiz Fernández, Directora Xeral de Eimskip Logistics Spain. Ademais, no devandito acto participaron como padriños académicos da promoción os profesores Xavier Martínez Cobas e Javier García Vidal, da Facultade de CC. Económicas e Empresariais e da Facultade del Ciencias Xurídicas e do traballo, respectivamente.
- No do Grao en Administración e Dirección de Empresas, participou D. José María Fonseca Moretón, presidente do grupo Terras Gauda, como padriño da promoción. Os padriños académicos, nesta ocasión foron Iria González de Jesús e Carlos Ferro Soto, ambos profesores da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.
- No grao en Economía, a madriña da promoción foi Ana Alonso Alonso, Subdirectora Xeral de CITIC HIC Gándara Censa. O padriño académico, nesta ocasión, foi Fidel Castro Rodríguez, profesor da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.

En cada acto permitíuse ao alumnado que invitase a un máximo de 4 persoas. Así que, entre o profesorado, o coro, o propio alumnado e as persoas invitadas, asistiron aproximadamente unhas 230 persoas no da Simultaneidade ADE-Dereito, arredor de 390 no de Administración e Dirección de Empresas e unhas 250 no de Economía.

O coro da Universidade de Vigo, trasladado dende Ourense, amenizou os actos da Simultaneidade e de Administración e Dirección de Empresas, e un cuarteto vigués, o de Economía.

Rematamos os actos servindo un viño de honra para os asistentes, nos que podemos ter contacto directo coas familias do noso alumnado

10. PREMIOS

Outra forma de dar visibilidade ao noso centro, é cando o noso alumnado participa en premios pola elaboración dos seus traballos de fin de grao e dar así valor ao traballo feito ao longo dos catro anos do grao. No curso 2022/23 a alumna Raquel Lozano Gómez foi a gañadora, en xaneiro de 2023, do Premio da Axenda 2030, Cooperación ao Desenvolvemento e Responsabilidade Social, organizado pola Universidade de Vigo, polo seu traballo de fin de grao titulado “Economía Circular y Desarrollo Sostenible en la Unión Europea”.

No mes de novembro de 2022, o alumno do Programa de Simultaneidade de Estudos ADE-Dereito Iván Fernández obtivo o premio ao mellor orador do I Torneo Nacional de Debate e Retórica.

A Facultade sigue mantendo o distintivo de igualdade (que obtivo en maio de 2022), que ten unha vixencia de seis anos e foi outorgado aos centros atendendo a criterios como a inclusión da perspectiva de xénero nos plans de estudo, as liñas de investigación e transferencia que incorporen a perspectiva de xénero, o número de persoas expertas e/ou implicadas na promoción da igualdade de xénero, a organización de actividades que contribúan á sensibilización en material de xénero, o grao de composición paritaria dos órganos de goberno do centro, o uso de linguaxe inclusiva e non sexista nos documentos e comunicación interna etc.

11. PROMOCIÓN DOS MÁSTERES DA FACULTADE

11.1. Información e promoción facilitada pola Universidade

A Universidade a través da súa web institucional ofrece información e enlaces ás webs dos másteres ofertados:

<https://www.uvigo.gal/es/estudiar/que-estudiar/masteres>

Tamén ofrece información sobre a matrícula en canto a requisitos, prazos, documentación, etc.

<https://www.uvigo.gal/estudar/acceder/acceso-masters>

11.2. Información e promoción facilitada pola Facultade de Económicas

A Facultade de Económicas ofrece información ao alumnado, en especial aos de últimos cursos das titulacións de Grao sobre a oferta de Másteres. En primeiro lugar, a través da web da Facultade con información e enlaces ás webs dos másteres: <http://fccee.uvigo.es/es/masteres/>

Dende o Decanato envíase a final de curso un correo electrónico ao alumnado de último curso con información resumida sobre os másteres: contido, profesorado, saídas profesionais, etc.

No vestíbulo da Facultade hai carteis coa oferta de másteres e os datos de acceso á información detallada a través de web ou contacto cos coordinadores.

11.3. Máster en Administración Integrada de Empresas e Responsabilidade Social Corporativa

O máster ten unha completa web con información detallada sobre todo os aspectos de interese para potencial alumnado:

<http://maiersc.webs.uvigo.es/index.php>

Nesa páxina proporciónase información sobre o plan de estudos, o persoal docente e a metodoloxía empregada, así como do calendario e horarios, prácticas etc. A páxina actualízase de maneira continua ante calquera modificación na información.

11.4 Máster en Economía.

O máster ten unha completa web con información detallada sobre todo os aspectos de interese para potencial alumnado:

<https://www.mastereconomia.gal/es/inicio-es/>

Ao ser un título interuniversitario, durante o curso 2021-22 leváronse a cabo as diferentes actividades de promoción en cada unha das universidades participantes (Universidade da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo), así como promoción xeral do Máster (dende a Universidade de Vigo como centro coordinador do Máster).

Actividades xerais de promoción

Edición de carteis e dípticos que foron colocados nas Facultades de Economía das universidades participantes, así como noutros centros (Facultades de Humanidades (UVigo), Matemáticas (USC) e Físicas (USC)).

Resposta a múltiples e-mails de alumnos estranxeiros interesados en cursar o Máster de Economía.

11.5. Máster en Finanzas.

O máster de Finanzas ten unha completa web con información detallada sobre todos os aspectos de interese para potencial alumnado:

<https://masterfinanzas.webs.uvigo.es/>

Ademais da información incluída na web da UVIGO:

<https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/mestrados/master-universitario->

[finanzas-v03m168v11](#)

Entre outras informacións que na web propia do máster se proporcionan podemos destacar: matrícula, criterios de admisión, programa e materias, horarios, saídas profesionais, calidade, localización, profesorado, etc. A páxina actualízase de maneira continua ante calquera modificación na información.

Tamén se ofrece información de interese e novidades a través de redes sociais:

- Twitter: https://twitter.com/masterfinanza?ref_src=twsrc%5Etfw%7Ctwcamp%5Eembeddedtimeline%7Ctwterm%5Escreename%3Amasterfinanza%7Ctwcon%5Es2
- LinkedIn: <https://es.linkedin.com/in/master-universitario-en-finanzas-761b74104>

O coordinador recibe numerosas peticións de información e preguntas ao longo do curso, maioritariamente a través de correo electrónico e formulario de contacto da web, que son respondidas aportando toda a información requirida. Entre estas consultas destacan as de alumnado estranxeiro.

11.6. Máster en Técnicas Estatísticas.

Dende o máster en Técnicas Estatísticas organízanse seminarios de investigación e cursos orientados ao estudiantado ao longo de todo o curso académico.

Por outro lado, realizáronse as seguintes actividades de promoción do mesmo:

- Cada curso realízase unha xornada á que asisten as diversas empresas que ofertan traballos e o alumnado que está en disposición de realizar o TFM. En particular, a xornada correspondente ao curso 2022/23 realizouse o 20 de xuño de 2022 por videoconferencia, a través da plataforma MS Teams, onde participaron as seguintes empresas e institucións: Estrella Galicia, Misión Bioológica de Galicia (CSIC), SERGAS-FIDIS, Instituto Español de Oceanografía, CIMUS, BIOSTATECH, Gradient, ABANCA, Tastelab, COFRICO, ZENDAL, SDG Group, TSK, Plain Concepts, Optare, Trucksters, Instituto Galego de Estatística (IGE) e FINSA.

- Reparto de trípticos informativos do máster en diversos centros da Universidade de Vigo.

11.7. Máster en Xestión do Desenvolvemento Sostible.

Durante o curso 2022-2023 empregáronse diversos medios para promocionar e difundir o MXDS:

O medio principal de difusión foi a páxina web do MXDS (<https://masterdesarrollosostenible.es/>), onde se publicaron novas relacionadas co profesorado e o alumnado do MGDS.

Potenciouse a presenza do MGDS nas redes sociais a través, fundamentalmente, do perfil de LinkedIn (<https://www.linkedin.com/in/mgds-m%C3%A1ster-en-gesti%C3%B3n-del-desarrollo-sostenible-29ab445a/>) onde actualmente conta con máis de 1.180 seguidores, e do perfil en Instagram ([@mgdsostenible](https://www.instagram.com/mgdsostenible/)). Publicáronse novas sobre actividades do MXDS (clases, visitas a empresas, conferencias) pero, sobre todo, actividades realizadas ou premios recibidos polos docentes e o alumnado actual e anterior do MXDS.

Realizáronse charlas informativas de presentación do MGDS nos principais centros da Universidade de Vigo.

Ademais, a coordinadora do título asistiu a diversos eventos e conferencias para realizar tarefas de promoción do título e captación de empresas/organizacións colaboradoras na oferta de Prácticas e/ou Traballos Fin de Máster.